

Humor negro

Crónica de Fra



DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Hai persoas ás que lles cambia a vida cando entran por primeira vez nunha librería, nunha igrexa ou nunha vaxina". No caso de Arturo Fra, a culpa foi dun presaxio: "Morrerás en mércores". Un practicante de nariz colorado e dotes de adiviño augúrarallo de neno; e unha bruxa de ollos verdes repetírallo na noite en que perdera a virxindade. Esa certeza absurda, que a ninguén se decide a confesar, condénano a agardar, semana tras semana e sempre alerta, a morte, e acaba por anular o resto da súa existencia. Incapaz de involucrase na vida, ficará paralizado ante a sucesión de "luns grises, martes de medo, mércores de pánico, xoves de alivio" que condicionan a súa biografía anódina e despoixan de sentido os actos máis comúns, os compromisos, calquera reacción de odio ou afecto. Xa vello, no hospital onde pasa os seus últimos días, o médico confirma a fatídica data. Alí escribe sen paixón as súas memorias e, "sempre de acordo co gusto do memorioso", repasa a vida á que renunciou por medo á morte, a que imaxinou e renunciou tamén a imaxinar por medo aos mércores.

solván -ou se esquezan- co tempo. Gustaríalle pensar que cando coñeceu a súa novia, o mundo transformouse "nunha avenida poboada de camelias e castañas asadas"; pois "é moito mellor recordar un encontro romántico, aínda que falso, que aceptar indolentemente os baleiros do vivir". Mais os ollos de Elvira, "ademais de negros e adorables, eran terroríficos" e el mesmo, no cuarto do hospital, nin sequera lembra o seu pri-

ta anos de funcionario a frecuentar bordeis de confianza, sen maior sobresalto que agardar os mércores. Mais se ao longo deses anos se deixou dominar pola parálise, non por iso aceptou, resignado, o seu destino; e, por fin, certo día (non diremos cal era da semana), comprendeu que a morte é sempre demasiado rápida e non deixa lugar ás reflexións.

Logrado ambiente de humor negro e surrealista para esta novela de entretida lectura, onde adxectivos precisos iluminan detalles insospeitados



RESULTA TODO UN PRACER, SEÑOR FRA, ASISTIRMOS AO RELATO DA SÚA TRISTE CRÓNICA

A infancia transcorre entre os silencios do pai, unha irmá insubstancial e a tolemia relixiosa e inofensiva da nai, cuxa obsesión por rezar a maior gloria de Santo Antonio de Padua convertírase nunha inesperada fonte de beneficios. Naquel "nenito tímido e somnolento", dono dunha "pelota amorfa, un diccionario vello e un océano de tempo que dedicaba case sempre á contemplación" do seu pube -onde se retiraba a meditar, como outros van a "outeiros afastados ou praias perdidas"-, podía presaxiarse xa o futuro Arturo Fra, bibliotecario onanista, metódico e inexpresivo, afeito ás cefaleas crónicas e a que os problemas se re-

mei-ro bico. Ela resume a súa esencia: "Es un tipo raro. Non tes familia nin amigos e ás veces semella que non pensas máis que no intre de morrer. Bo é que, aínda así, os teus ollos reflicten unha certa paz, só atribuíble á relativa estabilidade do teu emprego e ao moito que te masturbas"... Non erraba: certamente, podería afirmarse que o pene de Arturo Fra foi o seu único amigo, o compañeiro íntimo e leal. Así, despois da Elvira, e ata o sábado aquel en que o azar o levou a compartir arroz con polo coa viúva Violeta, Arturo Fra, vestido de negro, pasaría os seus trin-

(" H a i xeitos de ter ollos axuis. Está, por exemplo, a luzada enérxica que un atribúe aos licenciados en ciencias económicas, a palidez morna e tristeira de certas viúvas, a precisión agrisada dos xeólogos e, como non, a hipnose azul dos homes fortes"... Todo un pracer, señor Fra, asistir á súa triste crónica.

SIERRA VELOSO, Xurxo, *Os mércores de Fra*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2006, 191 páxinas